




Febreiro bertoeiro

Febreiro é un mes de tradición.


A Candeloria, o Entroido ou o Día de Rosalía
son as principais festividadeas que se celebran
por toda Galicia.





A Candeloria

O 2 de fevereiro é o Día da Candeloria ou das Candeas, unha festividade que marca a proximidade da chegada da primavera e simboliza o amor e a luz.





Simboliza o **amor** porque se di que é o día no que casan os paxariños. Hai varios refráns que o lembran, como: “A partir da Candeloria, ningunha ave voa soa” ou “Na Candeloria casan os paxariños e marcha a galiñola”.

Simboliza a **luz** xa que comezan a medrar os días e a facerse más pequenas as noites, xa falta pouco para a primavera. Así nolo transmiten refráns como: “Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra”.

Nalgúns lugares de Galicia realízanse rituais nas igrexas de bendición de candeas. Durante a misa, a xente prende candeas que o crego bendice. Estas candeas lévanse para a casa pois atribúeselles protección ante as tormentas e tamén para os velorios, para iluminar o camiño das almas que deixan este mundo.

O Entroido



É unha festa que se celebra no mes de febreiro, ou marzo, antes da entrada na primavera. Non ten datas fixas, pois depende da Semana Santa. O Entroido celébrase 40 días antes do Xoves Santo e remata co Mércores de Cinza e o Enterro da Sardiña, para dar paso á Coresma.

A palabra Entroido significa “entrada” ou “comezo” da primavera, do rexurdir da natureza. Tamén se usa a palabra Carnaval.

O Entroido é unha época de festa, subversión e moita diversión no que o máis importante é disfrazarse e pasalo ben.



O Padroado da Cultura do Concello de Narón festexa o Entroido co Festival de Comparsas, cun desfile e un concurso de comparsas.



As máscaras

O Entroido é unha das festas máis populares de Galicia. A xente disfrázase, xúntase para xantar e realízanse desfiles nas rúas. Entre as máscaras tradicionais galegas atopamos unha gran riqueza patrimonial. Entre outros, nestas datas atopamos os cigarróns de Verín; os peliqueiros de Laza; as pantallas de Xinzo de Limia; os boteiros de Vilariño de Conso, de Maceda e de Viana do Bolo; o oso de Salcedo na Pobra do Brollón; os xenerais da Ulla; ou as madamas e galáns de Vilaboa.

As sobremesas

O xantar de Entroido adoita ter os pratos típicos do inverno, como o cocido galego, mais as protagonistas son as sobremesas: freixós/filloas, orellas, flores, rosquillas...

As falcatruadas

Polo Entroido son abundantes as bromas e falcatruadas coa veciñanza. Antigamente practicábase o que se denomina “correr o Entroido”, é dicir, facer unha andaina polas casas montando rebumbio e pedindo cartos ou algo de xantar.



O Día de Rosalía

O 23 de febreiro Galicia festexa o Día de Rosalía de Castro para conmemorar o día do seu nacemento en Santiago de Compostela no ano 1837.

María Rosalía Rita de Castro foi unha figura fundamental do Rexurdimento da lingua galega como lingua de cultura ao empregar e reivindicar o uso do galego como lingua literaria.

Poeta, escritora, referente literaria e figura reivindicativa que amosou ao longo da súa obra o seu compromiso social, sobre todo na defensa da liberdade, independencia e igualdade das mulleres. Rosalía de Castro foi unha pioneira do feminismo na literatura.

As súas obras máis destacadas foron Cantares gallegos (1863) e Follas novas (1880).



Sabías que?

1

Escolleuse o 17 de maio como data para celebrar o Día das Letras Galegas por ser o 17 de maio de 1863 a data de publicación de Cantares gallegos de Rosalía de Castro, que é o primeiro libro impreso integramente en galego e que marca o Rexurdimento da lingua galega como lingua de cultura.

2

O aeroporto de Santiago de Compostela denomínase oficialmente desde o ano 2020: Aeroporto de Santiago- Rosalía de Castro, para poñer de manifesto a relevancia da escritora máis representativa da lingua galega, con motivo do 180 aniversario do seu nacemento.

*"Que cante e que cante
a lingua que eu falo"*






23 de febreiro
Día de Rosalía

apego.gal

En Apego atoparedes arrolos, recitados e xogos para festexar en familia o Día da Candeloria, o Entroido e o Día de Rosalía

Podedes descargarlos en www.apego.gal > recursos





Arrolos, recitados e xogos



Para xogar no colo

Eu teño un cabalo
que se chama Pichirilo,
Pichirilo rilo rilo,
Pichirilo rilo ra.

E nas subidas,
Pichirilo está cansado,
está cansado sado sado,
e xa non pode ir máis.

E nas baixadas,
Pichirilo é unha bala,
é unha bala, é unha bala,
e xa non pode parar.

Para recoller os xoguetes

A gardar, a gardar,
cada cousa ao seu lugar,
a gardar, a gardar,
que a outra cousa imos xogar.



Para pedir desexos

Voa, voa, voa,
xoaniña voa
que che hei de dar
pan con cebola.

Voa, voa, voa,
xoaniña voa
que che hei de dar
pan de broa.

Para rematar historias

... e colorín, colorado...
este conto está contado;
e por un lado e polo outro,
ata mañá non hai outro.



Arrolos, recitados e xogos

Arrolo

O meu neno está no berce,
os olliños vai pechar,
canta o moucho, cae a noite,
o meu neno dorme xa

Para aprender as partes da cara

Este queixo, queixolán;
esta boca pide pan;
este nariz, narizán;
estes ollos revirolos;
esta testa manifesta;
este pelo miudiño.
Ven aquí que che dou un biquiño!

Arrolo

Esta neniña pequena
heina de aprender a todo
a amasar e a peneirar
e a botar o pan no forno.

Esta neniña pequena
quen lle ha de dar a teta
o papá vai no muíño
a mamá na herba seca.

Para botar as sortes

Botón, botón
da bota boteira:
Chirivitón,
vaite con ela!





Arrolos, recitados e xogos



A poesía de Rosalía é sentimento,
emoción,...

Proba co xogo de Apego para
identificar as emocións!!!

Para aprender os nomes dos dedos


Este é o dedo maimiño,
este é o seu sobriño,
este é o maior de todos,
este é o furabolos
e este é o matapiollos.



Para xogar coas mans

Toca palmiñas,
que vén o papá/a mamá.
Toca palmiñas,
que axiña virá.


Para pedir un bico

Aperta, aperta,
corazón de manteiga






Servizo de Normalización Lingüística



a.pita@naron.gal
981337700 ext.1516
www.naronengalego.gal
www.apego.gal



Súmate ao Apego!!

